

HISTORIA DA FILOSOFÍA

O exame consta de 4 preguntas compostas por comentario de texto filosófico e desenvolvemento dun tema. Deberá contestar **UNHA DAS CATRO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só será corrixida a primeira respondida**.

PREGUNTA 1. Responda os dous apartados:

1.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Platón: antropoloxía e política”. (6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

Sería longo e traballoso explicar como é a alma; pero comparala con outras cousas, dicir a que se parece, iso xa é asunto humano, máis breve. Poderíamos dicir que se parece a unha forza que, como se nacesen xuntas, leva unha xugada alada e o seu auriga. Os cabalos e os aurigas dos deuses son todos bos na súa caste, mentres que a dos outros é produto dunha mestura. No que a nós respecta, hai, en primeiro lugar, un condutor que guía unha xugada de cabalos, dos que un é bo e fermoso e o outro todo o contrario, como tamén a súa orixe. O seu manexo será, polo tanto, duro e difícil. E agora, precisamente, hai que tentar dicir de ónde lle vén ó que vive a denominación de mortal e inmortal. Todo o que é alma ten da súa conta o inanimado, e percorre o ceo, ás veces tomando unha forma, outras veces outra. Se é perfecta e alada, suca as alturas e goberna no Cosmos. Pero a que perdeu as súas ás vai á deriva, ata que se aferra a algo sólido, onde se instala e se apodera dun corpo terrestre que parece moverse en virtude da forza daquela. Este composto, mestura de alma e corpo, recibe o nome de ser vivo e é por definición mortal. (...)

Consideremos a causa da perda das ás, o motivo polo que se desprenden da alma. É algo coma o seguinte: o poder natural da á é erguer o que é pesado, levándoo cara a arriba, cara ó lugar no que habitan os deuses. De todo o que ten que ver co corpo, isto é o que máis relación ten co divino. E o divino é fermoso, sabio, bo e outras cousas polo estilo. A plumaxe da alma aliméntase disto e medra con isto; pero co malo e torpe, ensómese e acaba.

(PLATÓN: *Fedro*, 246a-247c)

1.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 1.2.1. O liberalismo político de Locke.
- 1.2.2. Os límites do coñecemento en Kant.
- 1.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

PREGUNTA 2. Responda os dous apartados:

2.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval”. (6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

Malia que a citada verdade da fe cristiá exceda a capacidade da razón humana, aínda así, aquelas que son inspiradas pola razón de xeito natural, non poden ser contrarias a esta verdade. Pois o que é innato á razón por natureza é evidente que é extremadamente veraz, ata tal punto que non é posible pensar que sexa falso. E tampouco é lícito crer que é falso o que se ten a partir da fe, logo de ser confirmado de maneira tan evidente por Deus. Así pois, xa que só o falso é contrario ó verdadeiro, como se demostra claramente ó examinar as súas definicións, é imposible que a citada verdade da fe sexa contraria a estes principios que a razón coñece por natureza.

(...) E o coñecemento dos principios que nos son coñecidos por natureza foi inspirado en nós por Deus, xa que el mesmo é o autor da nosa natureza. (...) Logo, o que se obtén da revelación divina mediante a fe non pode ser contrario ó coñecemento natural. (TOMÉ DE AQUINO: *Suma contra os xentís*, Libro 1, cap. 7).

2.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 2.2.1. Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.
- 2.2.2. Razón e progreso na Ilustración.
- 2.2.3. Nietzsche: crítica da cultura occidental.

PREGUNTA 3. Responda os dous apartados:

**3.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “A lei moral en Kant”.
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

*Deber é a necesidade dunha acción por respecto á lei.
(...)*

O valor moral da acción non reside, por tanto, no efecto que dela se espera e tampouco en ningún principio da acción que precise tomar prestada a súa motivación daquel efecto esperado. (...)

Pero, que clase de lei pode ser esa cuxa representación, mesmo sen tomar en consideración o efecto que dela agardamos, ten que determinar a vontade, a fin de que esta poida chamarse boa absolutamente e sen reservas? Tendo eu desposuído á vontade de todos os estímulos que poderían afastala da observancia dunha lei calquera, nada máis resta que a conformidade a unha lei universal das accións en xeral, a cal unicamente debe servir á vontade como principio; é dicir, eu debo conducirme sempre unicamente de xeito *que eu poida tamén querer que a miña máxima se torne en lei universal.*”

(KANT, I.: *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 1977, cap. 1).

3.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 3.2.1. A orixe do cosmos na corrente presocrática.
- 3.2.2. Realidade e coñecemento en Platón.
- 3.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

PREGUNTA 4. Responda os dous apartados:

**4.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade”.
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).**

Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houberse nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. (...) Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto (...).

Aventurarei a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos *a priori*, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

(HUME: *Investigación sobre o coñecemento humano*, Sección IV, Parte I).

4.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

- 4.2.1. Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.
- 4.2.2. Ética e política en Aristóteles.
- 4.2.3. Nietzsche: crítica da cultura occidental.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

El examen consta de 4 preguntas compuestas por comentario de texto filosófico y desarrollo de un tema. Deberá contestar **UNA DE LAS CUATRO PREGUNTAS**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirá la primera respondida**.

PREGUNTA 1. Responda los dos apartados:

1.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Platón: antropología y política”. (6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Cómo es el alma, requeriría toda una larga y divina explicación; pero decir a qué se parece, es ya asunto humano y, por supuesto, más breve. Podríamos entonces decir que se parece a una fuerza que, como si hubieran nacido juntos, lleva a una yunta alada y su auriga. Pues bien, los caballos y los aurigas de los dioses son todos ellos buenos, y buena su casta, la de los otros es mezclada. Por lo que a nosotros se refiere, hay, en primer lugar, un conductor que guía un tronco de caballos y, después, estos caballos de los cuales uno es bueno y hermoso, y está hecho de esos mismos elementos, y el otro de todo lo contrario, como también su origen. Necesariamente, pues, nos resultará difícil y duro su manejo. Y ahora, precisamente, hay que intentar decir de dónde le viene al viviente la denominación de mortal e inmortal. Todo lo que es alma tiene a su cargo lo inanimado, y recorre el cielo entero, tomando unas veces una forma y otras otra. Si es perfecta y alada, surca las alturas, y gobierna todo el Cosmos. Pero la que ha perdido sus alas va a la deriva, hasta que se agarra a algo sólido, donde se asienta y se hace con cuerpo terrestre que parece moverse a sí mismo en virtud de la fuerza de aquélla. Este compuesto, cristalización de alma y cuerpo, se llama ser vivo, y recibe el sobrenombre de mortal. (...)

Consideremos la causa de la pérdida de las alas, y por la que se le desprenden al alma. Es algo así como lo que sigue. El poder natural del ala es levantar lo pesado, llevándolo hacia arriba, hacia donde mora el linaje de los dioses. En cierta manera, de todo lo que tiene que ver con el cuerpo, es lo que más unido se encuentra a lo divino. Y lo divino es bello, sabio, bueno y otras cosas por el estilo. De esto se alimenta y con esto crece, sobre todo, el plumaje del alma; pero con lo torpe y lo malo y todo lo que le es contrario, se consume y acaba. (PLATÓN: *Fedro*, 246a-247c)

1.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

- 1.2.1. El liberalismo político de Locke.
- 1.2.2. Los límites del conocimiento en Kant.
- 1.2.3. Alienación e ideología en Marx.

PREGUNTA 2. Responda los dos apartados:

2.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval”. (6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Aunque la citada verdad de la fe cristiana exceda la capacidad de la razón humana, no por eso las verdades racionales son contrarias a las verdades de fe. Lo naturalmente innato en la razón es tan verdadero, que no hay posibilidad de pensar en su falsedad. Y menos aún es lícito creer falso lo que poseemos por la fe, ya que ha sido confirmado tan evidentemente por Dios. Luego como solamente lo falso es contrario a lo verdadero, como claramente prueban sus mismas definiciones, no hay posibilidad de que los principios racionales sean contrarios a la verdad de la fe.

(...) El conocimiento natural de los primeros principios ha sido infundido por Dios en nosotros, ya que Él es autor de nuestra naturaleza. (...) En consecuencia, las verdades que poseemos por revelación divina no pueden ser contrarias al conocimiento natural. (TOMÁS DE AQUINO: *Suma contra los gentiles*, Libro 1, cap. 7).

2.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

- 2.2.1. Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad.
- 2.2.2. Razón y progreso en la Ilustración.
- 2.2.3. Nietzsche: crítica de la cultura occidental.

PREGUNTA 3. Responda los dos apartados:

**3.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “La ley moral en Kant”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

El deber es la necesidad de una acción por respeto a la ley.

(...)

Así, pues, el valor moral de la acción no reside en el efecto que de ella se espera, ni tampoco, por consiguiente, en ningún principio de la acción que necesite tomar su fundamento determinante en ese efecto esperado. (...)

Pero ¿cuál puede ser esa ley cuya representación, aún sin referirnos al efecto que se espera de ella, tiene que determinar la voluntad, para que ésta pueda llamarse buena en absoluto y sin restricción alguna? Como he sustraído la voluntad a todos los afanes que pudieran apartarla del cumplimiento de una ley, no queda nada más que la universal legalidad de las acciones en general – que debe ser el único principio de la voluntad-; es decir, yo no debo obrar nunca más que de modo *que pueda querer que mi máxima deba convertirse en ley universal.*”

(KANT, I.: *Fundamentación de la metafísica de las costumbres*, 1977, cap. 1).

3.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

3.2.1. El origen del cosmos en la corriente presocrática.

3.2.2. Realidad y conocimiento en Platón.

3.2.3. Alienación e ideología en Marx.

PREGUNTA 4. Responda los dos apartados:

**4.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desenvuelva la cuestión: “Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Todos nuestros razonamientos con respecto a un hecho son de la misma naturaleza. Y, de este modo, se supone constantemente que hay alguna conexión entre el hecho presente y ese que se deduce de él. Si no hubiera nada que los relacionase, la inferencia sería del todo inexacta. (...) Si analizamos todos los restantes razonamientos de naturaleza semejante descubriremos que están fundados en la relación de causa y efecto (...).

Me atrevo a sostener, a modo de proposición general que no admite excepción, que el conocimiento de esta relación no se logra, en ningún caso, mediante razonamientos *a priori*, sino que proviene enteramente de la experiencia, cuando encontramos que los objetos particulares están constantemente vinculados unos a otros.

(HUME: *Investigación sobre el conocimiento humano*, Sección IV, Parte I).

4.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

4.2.1. Dialéctica socrática y relativismo de los sofistas.

4.2.2. Ética y política en Aristóteles.

4.2.3. Nietzsche: crítica de la cultura occidental.